

## **O sentido común**

**DO SENTIDO**

**Movémonos**  
-en círculos  
moitas veces-  
e o tempo canda nós

en silencio

coma o lume  
fatu  
que se conserva  
baixo o nórdico de IKEA  
cando xa marchamos

**Propós un plan para hoxe**  
Eu respondo  
citando a Virginia Woolf  
con luces de neón:

*Yes, yes, yes* (Woolf 1925: 29)\*

Se puidese  
citábache unha novela enteira

\*Woolf, Virginia. *Mrs Dalloway*. Hogarth Press: London, 1925

**Agardo ás escuras**  
planificando a maneira exacta  
de tocar a túa pel cando chegues

**Abres a porta**

**Eu corro**  
en dirección contraria  
ao cartel que di  
*Saída de Emerxencia*

**Miro as puntas engurradas**  
dos meus dedos  
despois do baño  
**Pregúntome**  
se cando a cousa sexa permanente  
aínda estarás aquí

**Envellecer é algo máis**  
que ter osteoporose

Nos dous segundos  
que camiño cos ollos pechados  
podo visualizar  
a lámpada de araña  
[a dos cristais de Svarovski falsos]  
que hai no salón  
E a ti  
lendo un deses libros  
que tanto che gustan  
*Segredos de Compostela*  
(ou *Como ignorar o importante*):  
*volume XIV*

**Marchaches**  
e agora os bordes da pizza  
quedan se comer



“os hipster non bailan,  
se tal moven os brazos”  
Anónimo  
(vía @mariadocebreiro)

# DO COMÚN

**Ser politicamente incorrecto  
dicir que non che gusta  
o aguacate**

**1066**

Os monstros  
de debaixo da cama  
planean derrocar  
aos habitantes da superficie

Unha invasión normanda nas miñas costas

Non sei  
se queda posibilidade algunha  
de resistencia

**Tirar o que pesa**  
**e deixalo afundir no mar**  
    [que afogue]  
*helplessly*  
**coma o azucre**  
**no primeiro té con leite**  
**do día**

**Ir tan tarde que  
de a igual  
estar chegando  
tres horas antes ou  
tres horas despois  
ao lugar acordado**

**Como se fose un tren da RENFE**

**Observar o deseño**  
que deixa a chuvia  
nos cristais

De que che ten forma?

De balea branca

Vale  
pero non chames Ishmael  
que me aburres

**Respectar** os pasos de cebra  
Esperar  
coma un canciño  
incapaz de aguantar  
a emoción  
de saír de paseo

Os pensamentos  
petrificados  
coma gárgolas  
nos bordes dos edificios

Subir o volume da música  
E que foi  
do teclista de Camela?